



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

IX lexislatura
Número 10

Sesión da Deputación Permanente
4 de agosto de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de vicepresidenta ou vicepresidente

Punto 2. Solicitudes de convocatoria dun Pleno extraordinario

2.1 52113 (09/SCDP-000023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario Mixto

Solicitud de convocatoria urxente da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario para a creación dunha comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario en Angrois e a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar das actuacións que vai levar adiante para evitar a venda especulativa de parte das novas autoestradas

2.2 52154 (09/SCDP-000024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Solicitud de convocatoria urxente da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia urxente do presidente da Xunta de Galicia

SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e trinta e tres minutos da mañá.

O señor presidente solicítalle á señora secretaria (Soneira Tajés) que proceda á comprobación de quórum. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Soneira Tajés) le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. (Páx. 4.)

A continuación, a señora secretaria (Soneira Tajés) comunícalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 4.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que o punto 2 da orde do día decae como consecuencia do Decreto de disolución da IX lexislatura. (Páx. 4.)

Elección de vicepresidenta ou vicepresidente. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor Puy Fraga pide a palabra para comunicar que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia propón a vicepresidenta da Cámara, D^a Marta Rodríguez Arias, para ocupar a vicepresidencia da Deputación Permanente. (Páx. 5.)

Votación da elección de D^a Marta Rodríguez Arias como vicepresidenta da Deputación Permanente.

A señora secretaria, Soneira Tajés, fai o chamamento por orde alfabética das señoras e dos señores deputados integrantes da Deputación Permanente, que van depositando o seu voto na urna; a seguir fano a secretaria e o presidente da Deputación Permanente. (Páx. 5.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor de D^a Marta Rodríguez Arias, 12; votos en branco, 10.

O señor presidente anuncia que queda elixida vicepresidenta dona Marta Rodríguez Arias, que pasa a ocupar o seu posto na Mesa da Deputación Permanente. (Páx. 5.)

Remata a sesión ás doce e corenta e un minutos da mañá.

Ábrese a sesión as doce e trinta e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión desta Deputación Permanente, e para iso prégolle á señora vicepresidenta segunda e secretaria que comprobe a asistencia.

A señora SECRETARIA (Soneira Tajés):

José Manuel Balseiro Orol: Si.

Xosé Manuel Beiras Torrado (substituído por Antón Sánchez García).

Noela Blanco Rodríguez: Si.

María Concepción Burgo López: Si.

Jaime Castiñeira Broz: Si.

Hipólito Fariñas Sobrino: Si.

Javier Jorge Guerra Fernández (substituído por César Manuel Fernández Gil).

Francisco Xesús Jorquera Caselas: Si.

María Consuelo Martínez García: Si.

Alberto Núñez Feijóo (substituído por Agustín Baamonde Díaz).

Ana Belén Pontón Mondelo (substituída por María do Carme Adán Villamarín).

Pedro Puy Fraga: Si.

Marta Rodríguez Arias: Si.

Cristina Isabel Romero Fernández: Si.

Alfonso Rueda Valenzuela (substituído por Alejandro Gómez Alonso).

Eva Solla Fernández: Si.

Miguel Ángel Tellado Filgueira (substituído por Aurelio Alfonso Núñez Centeno).

Gonzalo Trenor López: Si.

Emilio Vázquez Blanco: Si.

Patricia Vilán Lorenzo: Si.

Miguel Ángel Santalices Vieira: Si.

María Soledad Soneira Tajés: Si.

Hai quórum, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora vicepresidenta e secretaria.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Como xa informei aos portavoces, a Mesa do Parlamento, con respecto á sesión de hoxe, tivo coñecemento o pasado día 2, cando se reuniu, do Decreto polo que se disolvía esta lexislatura, en concreto a IX lexislatura, e, polo tanto, se procedía á convocatoria das eleccións para o día 25 de setembro. Consecuencia de todo iso, e oídos os Servizos Xurídicos, xa informei tamén aos portavoces de que o segundo punto dos que constaba esta Deputación Permanente decaeu e de que non se puido levar a efecto o que contemplaba a petición deste punto.

Polo tanto, procedemos...

Estou dicindo que o segundo punto da orde do día desapareceu como consecuencia do Decreto de disolución do Parlamento. Polo tanto, non se pode levar a efecto o que se solicitaba

neste segundo punto e queda vivo soamente o primeiro punto, que é a elección da vicepresidenta ou vicepresidente da Deputación Permanente.

Elección de vicepresidenta ou vicepresidente

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, se lle parece, señora secretaria...

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si? ¿Para que é?

O señor PUY FRAGA: Simplemente para informar, como vén sendo tradicional, de que o grupo maioritario vai propoñer a vicepresidenta da Cámara para ocupar tamén a vicepresidencia da Deputación Permanente.

O señor PRESIDENTE: Perfecto. Pois, entón, ímolo votar.

Votación da elección de D^a Marta Rodríguez Arias como vicepresidenta da Deputación Permanente. (A señora secretaria, Soneira Tajés, fai o chamamento por orde alfabética das señoras e dos señores deputados integrantes da Deputación Permanente, que van depositando o seu voto na urna; e a seguir fano a secretaria e o presidente da Deputación Permanente.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)


Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor de D^a Marta Rodríguez Arias, 12; votos en branco, 10.

O señor PRESIDENTE: En consecuencia, queda elixida vicepresidenta dona Marta Rodríguez Arias. *(A señora Rodríguez Arias pasa a ocupar o seu posto na Mesa.)*

¡Noraboa!

E non habendo xa máis puntos que tratar, levántase a sesión.

Remata a sesión ás doce e corenta e un minutos da mañá.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25